



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

SEC 2017-65

EDICTOS DE TAXAS E TRIBUTOS

JOSÉ LUIS SUÁREZ MARTÍNEZ (1 para 1)
ALCALDE
Data de Síntitura: 03/07/2017
HASH: c128641d36be77dcba670a13aa03dd42

EDICTO

De conformidade co disposto no artigo 88 do Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 1684/1990, do 20 de decembro, faise público que entre o día 1 de agosto e o 1 de outubro de 2017, ambos os dous incluídos, queda aberto neste concello o período voluntario de cobranza dos tributos que seguidamente se detallan:

Conceptos tributarios do exercicio 2017:

1. Imposto sobre vehículos de tracción mecánica.
2. Taxa pola recollida de lixo.
3. Imposto de bens inmóbiles de natureza urbana.
4. Imposto de bens inmóbiles de natureza rústica.
5. Imposto sobre actividades económicas.

Lugares e datas de cobramento:

No Concello de Monterrei, en horario de 9.30 a 13.30 horas, os días 1,2,3 e 4 de agosto de 2017.

O resto dos días do período de cobranza, do 1 de agosto ata o 1 de outubro, de luns a venres (agás os días 1, 2, 3 e 4 de agosto), nas oficinas do Servizo de Recadación da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín, en horario de 9.00 a 14.00 horas (rúa Espido, edificio da estación de autobuses de Verín. Teléfono: 988 413547).

Con carácter xeral, pódese emplegar como forma de pagamento a domiciliación bancaria.

As débedas tributarias que non se satisfagan no período de cobranza que queda fixado do 1 de agosto ao 1 de outubro de 2017, ambos os dous incluídos, serán esixidas polo procedemento de constrinximento, co vinte por cento (20%) de recarga sobre o importe, xuros de demora e, de ser o caso, as custas que poidan producirse.

Monterrei 3 de xullo 2017
O alcalde

José Luis Suárez Martínez

<http://www.lacaltex.com>



Cod. Validación: TNCEW61ET163LMYWKME3JMI | Correción: http://monterrei.selectronica.es/ | Página 1 a 1
Documento assinado electrónicamente desde a plataforma xesional esPublico |